Rexistro de Saída: 9810-2024-0 Data: 23/8/2024

DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO	XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO	CONCELLO DE VIGO	VIGO

EXPEDIENTE : 18337/411
ASUNTO: Plan Especial de infraestruturas e dotacións para o novo acceso ao colexio Párroco don Camilo, en San Andrés de Comesaña

Destinatario:

ANGEL JAIME SANTORIO CUARTERO
AVDA. GRAN VÍA, 161 - 1ºE
VIGO - PONTEVEDRA 36210

Por medio da presente, dáselle traslado do oficio da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, ao que se achega o informe sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas en relación coa tramitación do "*Plan Especial de infraestruturas e dotacións para o novo acceso ao colexio Párroco don Camilo, en San Andrés de Comesaña*".

O que se lle remite para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

BRY/Er

Vigo, na data da sinatura dixital

O XERENTE DE URBANISMO
Asdo. Carlos Hernández Figueruelo

ASINADO POR: XERENTE DE URBANISMO - (JOSE CARLOS HERNANDEZ FIGUERUELO) 23/08/2024 11:21:11
Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025
Documento asinado

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Departamento de Desenvolvemento Urbanístico
Praza do Rei, s/n (36202 Vigo – Pontevedra)
Tfno. 986 810 325
urb.planeamento@vigo.org

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/08/2024 11:39	Páxina 1 de 1
	CSV: A4A856-34D6EE-C5D289-YZDJM6-A9NC2N-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Concello de Vigo
Xerencia Municipal de Urbanismo
Praza do Rei s/n
36202 Vigo
Pontevedra

Achégase informe sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas con respecto á afección do Plan especial de infraestructuras para o novo acceso ao CEIP Don Camilo no concello de Vigo, sobre a Rede Autonómica de Estradas de Galicia (1312.2).

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
Asinado dixitalmente
O Enxeñeiro do servizo de Planificación e Innovación,
David Álvarez Diñeiro

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS
Edificio administrativo de San Caetano, 5. 15781 Santiago de Compostela
981 544 564
infraestruturas.cim@xunta.gal

Asinado por: ALVAREZ DIÑEIRO, DAVID
Cargo: Enxeñeiro F.F.
Data e hora: 21/08/2024 13:46:13
CVE: 0QvJH8snLG07
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Rexistro de Saída: 9810-2024-0 Data: 23/8/2024

INFORME SECTORIAL CON RESPECTO Á AFECCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP "PÁRROCO DON CAMILO" NO CONCELLO DE VIGO SOBRE A REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA

Concello: Vigo (Pontevedra)
Equipo redactor: Ángel J. Santorio Cuartero

ANTECEDENTES

O 08.02.2022 ten entrada no rexistro da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) unha consulta sobre a viabilidade da actuación pretendida no Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, no Concello de Vigo, remitida polo Concello, en virtude do disposto no artigo 83 da Orde do 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos ás estradas de Galicia e as súas vía de servizo. Esta Axencia informou ao respecto o 03.05.2022 indicando que se considera xustificada a creación dun acceso novo á estrada PO-552, tanto por tratarse dun acceso de interese público, ao estar vinculado a un centro educativo, como por entender que as alternativas de acceso existentes supoñen un empeoramento da seguridade viaria e da funcionalidade global da rede de estradas.

O 13.05.2024 tivo entrada no rexistro da AXI o documento aprobado inicialmente do Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, no Concello de Vigo, remitido polo Concello para o seu informe sectorial con respecto á afección á Rede Autonómica de Estradas de Galicia, segundo o requirido no artigo 75.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de solo de Galicia e no artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

O 16.05.2024 esta Axencia requírelle ao Concello de Vigo que lle remita a documentación gráfica do Plan Especial de Infraestruturas en formato editable para poder emitir informe. O 27.05.2024 ten entrada no rexistro da AXI a dita documentación gráfica en formato editable, remitida polo Concello.

O 12.08.2024 ten entrada no rexistro da AXI nova documentación corrixida do Plan Especial de Infraestruturas remitida polo Concello de Vigo e que debe substituír parte da documentación recibida o 13.05.2024 e o 16.05.2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG)

Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado por Decreto 66/2016, do 26 de maio (RXEG)

Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia

Orde do 23 de maio de 2019 pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo

ESTRADAS AFECTADAS

Clave	Rede	Denominación	Treito	PQ_i	PQ_f	Maxe
PO-552	Estrutu.	Vigo (Av do Alcalde Portanet) - Tui (N-551)	Vigo (Av do Alcalde Portanet) - Sabarís (AG-57)	0+390	0+470	Esquerda

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025
CVE: NemTJL2pg4u8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

OBXECTO E ALCANCE DO PLAN ESPECIAL

O obxecto do Plan Especial de Infraestruturas é a implantación dun novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo en San Andrés de Comesaña, no Concello de Vigo, dende a estrada autonómica PO-552, para dar resposta os problemas de seguridade viaria que sofren os escolares do centro no seu acceso actual ao mesmo.

INFORME

Á vista da documentación recibida (documento aprobado inicialmente recibido o 13.05.2024, completado mediante a documentación gráfica en formato editable recibida o 27.05.2024 e subsanado mediante a documentación corrixida recibida o 12.08.2024), e trala análise da mesma, obsérvase o seguinte:

a) Segundo o indicado no informe de viabilidade emitido por esta Axencia o 03.05.2022, considérase xustificada a creación dun acceso novo á estrada PO-552 no seu PQ 0+430 ME, tanto por tratarse dun acceso de interese público, ao estar vinculado a un centro educativo, como por entender que as alternativas de acceso existentes supoñen un empeoramento da seguridade viaria e da funcionalidade global da rede de estradas

b) Conforme ao artigo 21 da Orde do 23 de maio de 2019 pola que se regulan os accesos ás estradas de Galicia e as súas vía de servizo, estableceuse na zona de conexión do acceso coa estrada PO-552 unha contrapendente do 1% para garantir unha correcta drenaxe da auga de escorrega que discorra pola vía secundaria, evitando a súa chegada á calzada da estrada. Ademais, proponse o establecemento dunha reixa de recollida e evacuación das augas pluviais. A dita reixa debería situarse no punto baixo do encontro entre pendentes da vía de acceso ao colexio e da estrada PO-552.

c) Debe corrixirse a denominación do plano de información *PINF_44Ruido01 Mapa de niveis sonoros indicador Le*, xa que no dito plano estase representando o mapa de ruído correspondente co indicador sonoro Ld.

d) A delimitación do ámbito do Plan Especial de Infraestruturas debería incluír a totalidade dos terreos necesarios para a execución do novo acceso. Parte do dominio público viario da estrada PO-552 afectado polas actuacións para a execución do acceso non está incluído dentro da delimitación do ámbito.

e) O pasado 15.05.2023 aprobáronse as **Zonas de servidume acústica** dos grandes eixos viarios da Rede Autonómica de Estradas de Galicia. No estudo acústico do documento recóllense as ditas zonas de servidume acústica, sen embargo os planos de información do PEID tamén deberán recoller os planos correspondentes as ditas zonas de servidume acústica.

CONCLUSIÓN

Á vista de todo o que antecede, así como ao abeiro do artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, emítese informe **favorable** con respecto á afección do **Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, no Concello de Vigo**, sobre a Rede Autonómica de Estradas de Galicia, **condicionado a que se introduzan as modificacións indicadas nos epígrafes b) a e) do apartado Informe e á efectiva incorporación, no documento recibido o 13.05.2024, da documentación corrixida recibida o 12.08.2024.**

CVE: NemTJL2pg4u8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Rexistro de Saída: 9810-2024-0 Data: 23/8/2024

Este informe refírese ao documento aprobado inicialmente recibido o 13.05.2024, completado mediante a documentación gráfica en formato editable recibida o 27.05.2024 e subsanado mediante a documentación corrixida recibida o 12.08.2024, remitido polo Concello de Vigo.

Calquera cambio posterior, previo á súa aprobación definitiva, do instrumento de planeamento municipal, cando lle afecte directa ou indirectamente á ordenación proposta no entorno das estradas autonómicas existentes ou planificadas, deberá ser sometido de novo a informe da administración autonómica competente en materia de estradas, incluso cando veñan derivados da información pública ou doutros informes sectoriais.

Do mesmo xeito, e ao abeiro do artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, tamén deberán ser sometidas a informe da administración autonómica competente en materia de estradas as modificacións do instrumento de planeamento municipal posteriores á súa aprobación definitiva, cando lle afecte directa ou indirectamente á ordenación proposta no entorno das estradas autonómicas existentes ou planificadas.

Débese entender como informado desfavorablemente calquera cambio posterior realizado sobre o instrumento de planeamento municipal sen que fose sometido a informe da administración autonómica competente en materia de estradas, cando lle afecte, directa ou indirectamente, á ordenación proposta no entorno das estradas autonómicas existentes ou planificadas.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente:
David Álvarez Diñeiro
Enxeñeiro de camiños, canles e portos

Aprobado:

Asinado dixitalmente:
A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
P.D. O director da Axencia Galega de Infraestruturas
(Orde do 7 de setembro de 2017, DOG nº 179, do 20 de setembro de 2017)
Francisco Menéndez Iglesias

Asinado por: MENENDEZ IGLESIAS, FRANCISCO
Cargo: Director da Axencia Galega de Infraestruturas
Data e hora: 21/08/2024 11:18:16
Asinado por: ALVAREZ DIÑEIRO, DAVID
Cargo: Enxeñeiro F.F.
Data e hora: 21/08/2024 09:49:16
CVE: NemTJL2pg4u8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

XUNTA DE GALICIA

Sistema de Interconexión de Registros

XUNTA DE GALICIA

Saída 15877 / RX 1609611

Rexistro Xeral da Xunta de Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 22/08/2024 08:36:00

XUSTIFICANTE DE SAÍDA

Oficina: O00008826 - Rexistro Xeral da Xunta de Galicia

Número: 2024/1609611 **RI :** 2024/15877

Data e hora: 22/08/2024 08:36:00

Destino: Concello de Vigo

O00011520 - Concello de Vigo Oficina Registro General Urbanismo

LA0002001 - Xerencia Municipal de Urbanismo

Información do rexistro

Asunto: INFORME SECTORIAL CON RESPECTO Á AFECCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP "PÁRROCO DON CAMILO" NO CONCELLO DE VIGO SOBRE A REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA

Documentación que achega a persoa solicitante:

(*) Algoritmo para o resumo electrónico dos arquivos: SHA-256

Nome do arquivo	Descrición	Validez	Resumo electrónico do arquivo (*)
1312_Informe_PEI_novo_acceso_CEIP_Parroco_Don_camilo_Concello_Vigo.pdf		ARQUIVO ELECTRONICO	aba7d9e44ad53fdd8cf53cce2173e4429eea070a4a0e7c699ed14f30470a1e66
1312_PEI_novo_acceso_CEIP_Parroco_Don_Camilo_firmado.pdf		ARQUIVO ELECTRONICO	d8c809dd84e1ee3565c87b0ae6112c1a5749eaf116fb307259b195af15714e67

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña, no Concello de Vigo. Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: LUIS VILA FERRERES Data sinatura: 04/06/2025 08:37:11

CVE: RREX-56ea081b-557c-3192-b73f-5312cabf12c7 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: SISTEMA ÚNICO DE REXISTRO DA XUNTA DE GALICIA Data e hora: 22/08/2024 08.41.36